

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS																																												
Parque eólico Targos 30 MW	Naturgy Renovables, S.L.U.	<p>Silleda e A Estrada (Pontevedra)</p> <p>Superficie da poligonal do parque: 404,97 Ha.</p> <p>-----</p> <p>Os Montes Veciñais en man común (M.V. M. C) máis próximos ao proxecto son o MVMC "OUTEIRO" situado a 5,9 km ao SE de o aeroxerador TA-1, o MVMC "LOSÓN" situado a 9,8 km ao NE do aeroxerador TA-1, o MVMC "CURROSPEDRIÑOS" situado a 9,6 km ao SE de o aeroxerador TA-1, o MVMC "NARCELLAS" situado a 9,2 km ao SE de o aeroxerador TA-1e o MVMC " CHAMOR" situado a 10,3 km ao SE de o aeroxerador TA-1</p>	<p>O Parque Eólico Targos de 30,00 MW de potencia nominal, estará integrado por 5 aeroxeradores tripala de 170 m de diámetro, con 6.000 kW de potencia nominal unitaria e 120 metros de altura de buxeiro, que se corresponden co modelo Siemens Gamesa SG170 ou similar.</p> <p>Construirase unha subestación eléctrica no parque para elevar a tensión da rede de distribución interior do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto (132 kV).</p> <p>No Parque Eólico Targos instalarase unha torre meteorolóxica.</p> <p>Cada aeroturbina xera enerxía a 690 V, a cal se eleva a 30 kV no transformador de 7.000 kVA de potencia aparente que hai aloxado no interior da góndola. Os aeroxeradores conectaranse entre sí a través dos</p>	<p>Prexuízos significativos e irreparables para as familias dos núcleos rurais afectados. Incompatibilidade do proxecto con unha vida digna e un adecuado benestar persoal e familiar.</p> <table border="1" data-bbox="1019 263 2206 694"> <thead> <tr> <th>Núcleos habitados máis próximos</th> <th>Distancia ao aeroxerador máis próximo (m)</th> <th>Aeroxerador máis próximo</th> <th>Inmisión de ruído acumulada (dB)*</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>Pazos</td><td>546</td><td>3</td><td>42</td></tr> <tr><td>Rabo de Gato</td><td>622</td><td>1</td><td>41,3</td></tr> <tr><td>A Nogueira</td><td>640</td><td>4</td><td>42,8</td></tr> <tr><td>Penalobeira</td><td>673</td><td>4</td><td>41,5</td></tr> <tr><td>O Outeiro</td><td>704</td><td>5</td><td>40,5</td></tr> <tr><td>Gueifas</td><td>716</td><td>4</td><td>40,4</td></tr> <tr><td>Orosa</td><td>787</td><td>3</td><td>40,9</td></tr> <tr><td>O Porto</td><td>869</td><td>4</td><td>40,7</td></tr> <tr><td>Pepe</td><td>960</td><td>5</td><td>38,2</td></tr> <tr><td>Casamaría</td><td>974</td><td>1</td><td>38,2</td></tr> </tbody> </table> <p>Cómpre ter en conta que nun ambiente hospitalario o ruído que se recomenda non sobrepasar son os 35 dB, mentras que aquí hai valores que rondan os 42,8. Existe unha clara exposición das familias dos núcleos habitados á contaminación acústica.</p> <p>En relación para os efectos danos que o ruído ambiental pode causar sobre a saúde, existen numerosos estudos que demostran que é molesto, altera o sono, afecta o rendemento, á realización de actividades, á audición, sobre as funcións fisiolóxicas, etc.</p> <p>Na Lei Xeral de Sanidade, nalgúns dos seus artigos (18, 19, 39, 40), faise referencia á saúde ambiental, resaltando a importancia de prestarlles atención a aqueles axentes que poden ser prexudiciais para a saúde na nosa contorna. De igual modo, no artigo 45 da Constitución española de 1978, no seu Capítulo terceiro, fai mención a que todos os cidadáns teñen o dereito de gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa. A Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, denominada Directiva sobre Ruído Ambiental, considera o ruído como un problema prioritario e recoñece a importancia do control do mesmo. Define o ruído ambiental como "son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluído o ruído emitido polos medios de transporte, polo tráfico rodado, ferroviario e aéreo e por emprazamentos de actividades industriais".</p> <p>Dentro dos problemas ambientais, é un dos máis relevantes, xa que forma parte da vida cotiá e o ruído dun parque eólico pode chegar a ser moi prexudicial para as familias que viven nos núcleos próximos.</p> <p>Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS</p>	Núcleos habitados máis próximos	Distancia ao aeroxerador máis próximo (m)	Aeroxerador máis próximo	Inmisión de ruído acumulada (dB)*	Pazos	546	3	42	Rabo de Gato	622	1	41,3	A Nogueira	640	4	42,8	Penalobeira	673	4	41,5	O Outeiro	704	5	40,5	Gueifas	716	4	40,4	Orosa	787	3	40,9	O Porto	869	4	40,7	Pepe	960	5	38,2	Casamaría	974	1	38,2
Núcleos habitados máis próximos	Distancia ao aeroxerador máis próximo (m)	Aeroxerador máis próximo	Inmisión de ruído acumulada (dB)*																																													
Pazos	546	3	42																																													
Rabo de Gato	622	1	41,3																																													
A Nogueira	640	4	42,8																																													
Penalobeira	673	4	41,5																																													
O Outeiro	704	5	40,5																																													
Gueifas	716	4	40,4																																													
Orosa	787	3	40,9																																													
O Porto	869	4	40,7																																													
Pepe	960	5	38,2																																													
Casamaría	974	1	38,2																																													

			<p>correspondentes condutores enterrados e cabinas de entrada - saída de liña de forma que se constituirán 2 liñas de xeración en 30 kV, as cales se tenderán soterradas en gabia ata a subestación do parque eólico 30/132 kV. Diámetro do rotor (m) 170 Área de varrido (m2) 22.697 m2</p>	<p>MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS: Doutra banda, a totalidade do proxecto atópase sobre a masa de auga subterránea ES014 MSBT014.005 “ULLA”. As infraestruturas do proxecto interceptan os seguintes cursos de auga: Afluyente do Rego dá Torre afectado por gabias de cableado e polo vial de acceso ao aeroxerador 3 Doutra banda, na contorna do proxecto destacan os seguintes leitos afectados: Distancia á infraestruturas máis próxima (m) Afluyente do Río de Oca coa Torre meteorolóxica a 193 metros Afluyente do Regueiro de Chousa do Miño con Viarios a 490 metros Afluyente do Regueiro de Chousa do Miño con Viarios a 258 metros Río de Oca Viarios e gabias a 591 metros. Afluyente do Rego dá Torre con vias e gabias a 129 metros. Afluyente do Rego dá Torre con gabias a 177 metros. Afluyente do Rego dá Torre coas gabias do aeroxerador 5 a 728 metros. Afluyente do Rego dá Torre con gabias do aeroxerador 5 a 435 metros. Afluyente do Rego dá Torre con gabias a 190 metros. Rego Porto con vias e gabias do aeroxerador 4 a 679 metros. Afluyente do Rego Porto con vias e gabias do aeroxerador 4 a 914 metros. Afluyente do Regueiro de Cervañiño con viaia a 856 metros. Afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro –gandeiras da poligonal do parque: non avaliado pola promotora. Afección ás zonas protexidas de auga potable (ZPAP) lineais e poligonais: non avaliado pola promotora. Afección severa e prexuízos significativos para humidais, charcas e brañas: impacto non avaliado pola empresa promotora a pesar da existencia de charlas permanentes, lagoas, brañas e humidais. Afección severa a Hábitats prioritarios e de interés comunitario: 6220*Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira 8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica 4030 Queirogais secos europeo 3260 Ríos dos pisos basal a montano 6510 Prados de sega de baixa altitude 6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas 6410 Prados con Molinia 91E0* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 9230 Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Q. pirenaica Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. “Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a</p>
--	--	--	--	--

conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva **terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable**, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

Afección á Rede Natura 2000. Falla da avaliación das repercusións sobre a Rede Natura. Prexuízos significativos e irreversibles coa conservación destes espazos de alto valor ambiental.

- Espazo Rede Natura 2000 Zona de Especial Conservación (ZEC) Brañas de Xestoso: Sitúase a unha distancia de 225 m ao NE do aeroxerador TA-4.

Brañas de xestoso

Código do ZEC

ES1140008

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Superficie

1.077 ha.

Concellos

A Estrada, Forcarei e Silleda.

Situación

Na zona centro-occidental de Galicia, preto do río Ulla e do seu tributario O Deza, e nos arredores do nacemento do río Umia. Localidades de referencia: Fraíz, Olives e Pardemarín (A Estrada); Meabia e Graña de Umia (Forcarei); Xestoso e Cascaxide (Silleda). Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, provincia de Pontevedra.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.”Brañas de Xestoso”, de 1.077 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)

6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

- Espazo Rede Natura 2000 Zona de Especial Conservación (ZEC) Sistema fluvial Ulla - Deza: Sitúase a unha distancia de 5 km ao NON do aeroxerador TA-3.

Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie como o denominado "Pena Lobeira". Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie.

Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“• Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.

• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán

eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica, especialmente no relacionado coa protección dos hábitats (artigos 3 e 4). O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto deba informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en 10 tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro – gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Afección paisaxística moi severa e incompatible cos valores obxecto de protección. Feísmo paisaxístico.

A AEIP Monte de San Sebastián localízase a 226 m do aeróxerador máis próximo (TA-4).

****DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de**

Galicia. 4.2.4.3. Parques eólicos. DX.20. Os proxectos mediante os cales se materialicen os parques eólicos atenderán ás seguintes directrices: As liñas de evacuación cara á rede de transporte planificaranse de forma conxunta co parque eólico, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas. Dentro das AEIP delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, estudarase a viabilidade de soterrar as liñas de evacuación.

No presente caso a liña de evacuación tramítase como un proxecto independente o que impide á cidadanía a avaliación ambiental global, sumativa e conxunta da totalidade da infraestrutura eólica.

Afección severa ao patrimonio cultural. Descontextualización do patrimonio cultural.

Destacan a presenza de Mámoas, como a Mámoa de Lamas e Chamiceiras 5 cuxo contorno de protección é interceptado polo aeroxerador TA-1, o vial e as gabias, e as Mámoas Mámoa de Lamas e Chamiceiras 4, Mámoa de Lamas e Chamiceiras 3, Mámoa de Lamas e Chamiceiras 2 e Mámoa de Fonte Cabaza cuxo contorno de protección é interceptado por algunha infraestrutura do parque.

Prexuízos significativos ao Camiño de Santiago, o turismo e a hostalería:

O proxecto localízase a 3,1 km do Camiño de Santiago, correspondentes cos trazados do Camiño de Inverno e Camiño Vía da Prata. Ao que hai que engadir a afección severa ás Brañas de Xestoso que publicita turisticamente a propia web institucional da Xunta de Galicia.

https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/16833/branas-de-xestoso?langId=es_ES&ctre=9&tp=1

PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: Sen avaliar

Afección do parque eólico aos núcleos de poboación e ás familias:

Núcleo de poboación	Distancia ao aeroxerador máis cercano (m)	Aeroxerador máis cercano
Pazos	546	3
Rabo de Gato	622	1
A Nogueira	640	4
Penalobeira	673	4
O Outeiro	704	5
Gueifas	716	4
Orosa	787	3
O Porto	869	4
Pepe	960	5
Casamaría	974	1
A Pedreira	1098	5
O San Lois	1114	3
O Souto	1195	5
Sorribas	1201	5
Currelo	1258	3
Cortes	1274	5

Reguenga	1276	1
Valiñas	1304	3
Requeixo	1331	1
Curantes Vello	1331	4
Curantes Novo	1337	4
A Pena Barreira	1374	5
As Pereiras	1404	4
A Pena do Foxo	1446	5
Ouzande	1481	1
Vilanova	1539	3
Baldarís	1556	3
Paraxó	1566	5
Alfonsiños	1609	1
A Meda	1610	1
A Pena de Arriba	1628	5
A Pena de Riba	1660	5
Xindiriz	1692	1
A Igrexa	1721	3
Gonxar	1745	5
O Bede	1750	5
Vendexa	1806	3

